



ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DE RESPONSABLES AO CONSELLO ESCOLAR CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución do 19 de setembro de 2022, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 30 de setembro), a Xunta Electoral deste centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **sector de responsables do alumnado**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral **un pai ou nai**, do total de tres que debe ter o Consello Escolar: outra representante será designada pola ANPA e a terceira continúa como consecuencia da súa elección anterior no ano 2021.

2.- Son electores todos os pais e nais ou, se é o caso, os/as titores/as legais do alumnado matriculado no centro e incluídos no censo correspondente que a partir do día da data está exposto no taboleiro de anuncios. As **reclamacións** ao referido censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, **ata as 14:30 horas do día 17 de novembro**.

3.- Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os/as titores/as legais que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na secretaría do colexio. As **candidaturas** poderán ser presentadas **ata as 14:30 horas do día 17 de novembro**.

4.- O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os pais e nais que non presenten candidatura, o día 21 de novembro, ás 11:45 horas. A devandita mesa electoral estará composta pola directora do centro, que actuará como presidenta, e **catro pais/nais ou titores/as legais, exercendo a secretaría o/a de menor idade**.

5.- A campaña electoral comprenderá dende o 18 ao 23 de novembro, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do centro estarán a disposición das persoas candidatas, previa petición á presidenta da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo.

6.- Poderán actuar como supervisores da votación os pais, nais ou titores/as legais do alumnado matriculado no centro que sexan propostos pola ANPA ou, no seu defecto, que contén co aval da sinatura de cando menos dez electores/as.

7.- As votacións realizaranse neste centro o **día 24 de novembro, de 12:15 a 15 horas**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 12:05 horas.

8.- Na papeleta de votación cada elector/a fará constar un máximo **de un nome** das candidaturas presentadas, debendo acreditar a súa identidade á hora de votar, mediante exhibición do DNI ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegable e non se admitirá o voto por correo.

9.- Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o/a titor/a legal do alumnado.

10.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío á Xunta Electoral do centro.

11.- A Xunta Electoral resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

San Vicente, 7 de novembro de 2022

A PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL,

Asdo.: María del Mar Sueiro Pena